

BASES ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 2022-2023

Prazo de presentación de solicitudes: do 12 ao 16 de setembro de 2022.

As clases darán comezo o día 3 de outubro de 2022, **excepto** as actividades que se impartan no Local Social de Lubre (por causa das obras que se están a realizar no local, non coñece a data exacta da finalización das mesmas). As persoas inscritas nas actividades que se realizarán neste local social serán avisadas telefonicamente do día exacto do comezo das clases e, a partir de ah,í realizarase e entregaráse a carta de pago.

1. Horarios e formas de presentación de solicitudes:

Poden elixir unha das seguintes opcións:

- **Vía E-mail:** dende as 00.00 h do día 12 de setembro ata as 14.00 h do día 16 de setembro no correo electrónico cultura.deportes@bergondo.gal (indicando en concepto: preinscrición Actividades Culturais e Deportivas), nas que se enviará confirmación da solicitude vía e-mail.
- **Vía formulario on-line:** dende as 00.00 h do día 12 de setembro ata as 14.00 h do día 16 de setembro na páxina web bergondo.gal.
- **Vía telemática** a través da [sede electrónica municipal](#) dende as 00.00 h do día 12 de setembro ata as 14.00 h do día 16 de setembro.
- **Vía presencial:** de 9.30 a 14.30 h na Casa de Cultura dende o día 12 ao 16 de setembro de 2022.

2. **Listaxes provisionais:** O día 20 de setembro publicaranse na páxina web do concello e na Casa de Cultura os listados provisionais por actividade.

3. **Prazo de reclamacións:** O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais será os días 21 e 22 de setembro.

4. **Sorteo público e publicación listaxes definitivos:** Se hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 23 de setembro de 2022, ás 10.00 h, onde terán preferencia as persoas empadroadas no Concello de Bergondo.

Publicaranse na Casa de Cultura e na páxina web do Concello (bergondo.gal) as listaxes definitivas das actividades coas persoas admitidas por actividade e as actividades que non se desenvolverán por non acadar un mínimo de solicitudes.

5. **Prazo de inscricións e pago das actividades:** do 26 ao 30 de setembro. Se rematado este prazo, as persoas admitidas non realizan a inscrición, serán substituídas polas que figuran na lista de reserva. **(Excepto as persoas inscritas nas actividades que se impartirán no Local Social de Lubre, que serán avisadas do comezo do curso e do prazo para realizar o pago)**

6. **Material:** Nas actividades culturais e deportivas as persoas inscritas aconséllase que leven o seu propio material.

7. Reducións de cotas:

- 50% para familias numerosas.
- 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.
- 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.
- 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina do INEM, cuxa data coincida co período de preinscrición. Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.



8. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de efectuar as **modificacións** nas instalacións, horarios, profesorado, de facer reagrupamentos, etc que se consideren necesarias; ou anular algunha actividade, por motivos organizativos.

9. O **número máximo de persoas** por actividade poderá variar segundo as circunstancias que se vaian producindo ao longo do curso.

10. **Períodos no que non haberá actividades:**

Nadal: dende o día 19 de decembro de 2022 ata o día 8 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

Entroido: días 20 e 21 de febreiro de 2023.

Semana Santa: desde o día 3 ao 9 de abril de 2023, ambos inclusive.

As clases rematarán o día 23 de xuño de 2023.



12. O preinscrito **declara** coa preinscrición que non padece enfermidade que o incapacite para a práctica cultural ou deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.

13. **Protección de datos:** De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE BERGONDO, con CIF P1500800F e domicilio en CARRETERA DA CORUÑA 12 15165, BERGONDO (A Coruña) como Responsable do Tratamento e incorporados a área de Cultura á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade da presentación da solicitude de reserva de praza nas actividades deportivas e culturais do Concello. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando sexa necesario para levar a cabo a actividade que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 e) do RXPd: "en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello". Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Bergondo na dirección arriba indicada ou a través da sede electrónica <https://sede.bergondo.gal/opencms/gi/>. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@bergondo.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/>

14. **Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.**

